

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: GREGO

DEPARTAMENTO DE GREGO (1º/2º BAC), CUCA (3º ESO), ITI (1º ESO), DOC (2º BAC)
IES XOÁN MONTES
CURSO 2021/22

Orde do 25 de xaneiro de 2022 ,pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Modificacións da Programación Didáctica.

Elimínase toda referencia na Programación Didáctica á avaliación extraordinaria na Educación Secundaria Obrigatoria.

2. Engadidos á Programación Didáctica.

- a. Actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final da ESO (As actividades poden ser de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
Apoio/ Reforzo	O alumnado que superara tódalas avaliacións dun xeito positivo, realizará exposicións sobre o traballo de investigación desenvolvido ao longo do curso. Ditas exposicións poderán modificar a nota da Avaliación Ordinaria, sempre nun sentido positivo.		O alumnado que superara tódalas avaliación dun xeito positivo realizará tarefas de reforzo e/ou repaso da materia vista ao longo do curso: test de cultura grecorromana, mitoloxía na arte, pequenos comentarios de textos...	

Recuperación	O alumnado que non teña superada a materia ao longo do curso deberá corrixir e mellorar o traballo de investigación proposto, coa finalidade de acadar un resultado positivo na Avaliación Ordinaria.		O alumnado que non teña superada todas as avaliacións dun xeito positivo deberá realizar tarefas de reforzo centradas na preparación da proba de recuperación.	

b. Actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final de 1º de BAC e 2º BAC

	1º BAC	2º BAC
Apoio/Reforzo	O alumnado que supere tódalas avaliacións dun xeito positivo realizará tarefas de reforzo ou repaso daqueles contidos que teñan continuidade coa materia do ano seguinte: traducións, morfoloxía, sintaxe, cultura e literatura.	O alumnado que supere tódalas avaliacións dun xeito positivo realizará tarefas de reforzo ou repaso daqueles contidos (traducións, morfoloxía, sintaxe, historia, helenismos e literatura) coa fin de preparar a proba das ABAU.
Recuperación	<p><u>GREGO:</u></p> <p>O alumnado que non teña superada todas as avaliacións dun xeito positivo deberá realizar tarefas de reforzo centradas na preparación da proba de recuperación.</p>	<p><u>GREGO:</u> O alumnado que non supere a materia na Avaliación Ordinaria terá a oportunidade de presentarse a unha proba extraordinaria cunha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.</p> <p><u>DOC:</u> O alumnado que non teña superada a materia ao longo do curso, deberá corrixir e mellorar o traballo de investigación proposto, coa finalidade de acadar un resultado positivo na Avaliación Ordinaria.</p>

3. Criterios e instrumentos de cualificación para alumnado coa materia suspensa ou parte dela.

ESO (TAMÉN MATERIAS DO CURSO OU CURSOS ANTERIORES)

Para a Recuperación da materia do propio curso aplícanse as normas e criterios de avaliación e cualificación contemplados na Programación Didáctica deste Departamento.

Para a Recuperación da materia pendente do curso anterior aplícanse as normas e criterios de avaliación e cualificación contemplados na Programación Didáctica deste Departamento.

4.- Cálculo para obter a cualificación final de curso:

CUCA 3º ESO:

O alumnado que non teña superada a materia ao longo do curso deberá realizar unha proba semellante ás probas escritas realizadas durante o curso, coa finalidade de acadar un resultado positivo na Avaliación Ordinaria.

Para a cualificación final do curso teranse en conta os criterios de cualificación e avaliación que aparecen explicitados na Programación desta materia.

O alumnado coa materia pendente de CUCA do curso anterior deberá realizar unha proba de recuperación seguindo o modelo traballado no curso anterior. A superación de dita proba implicará a avaliación positiva da materia na Avaliación Ordinaria.

BACHARELATO

Proba extraordinaria
para BAC

Consistente en:

GREGO I:

O alumnado que non supere a materia na Avaliación Ordinaria terá a oportunidade de presentarse a unha proba extraordinaria cunha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

As probas extraordinarias seguirán o modelo traballado ao longo do curso. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN APLICADOS SERÁN OS EXPLICITADOS NA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO.

GREGO II

As probas extraordinarias de 2º de BAC seguirán os modelos traballados ao longo do curso, que se cinguen ás probas determinadas pola CIUG. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN APLICADOS SERÁN OS EXPLICITADOS NA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO.

DOC: O alumnado que non supere a materia será avaliado a partir do resultado final da investigación que deberá ser completada en tódolos seus aspectos (textos, redacción e presentación, imaxes, planos, webgrafía...) e sempre tendo en conta os criterios de cualificación e avaliación que aparecen explicitados na Programación desta materia.
